



A análise de datos e a severidade das lesións, eixes temáticos do XI Curso de Saúde Podal Conafe-APPB

Do 26 ao 28 febreiro a cidade toledana de Talavera de la Reina foi o escenario da XIV Unificación de Criterios entre Podólogos e o XI Curso de Saúde Podal, evento organizado pola Confederación de Asociacións de Frisona Española (Conafe) e a APPB. Como cada ano, nesta cita reuníronse grandes expertos en podoloxía bovina, co obxectivo de impartir charlas e obradoiros dirixidos á formación de técnicos especialistas nesta área, nunha edición que puxo a súa atención na importancia da dixitalización de datos e as lesións podais.

José María García Nieto
Presidente da APPB



UNIFICAR CRITERIOS ENTRE FORMADORES

A xornada do xoves 26 dedicouse á Unificación de Criterios entre Formadores do Programa I-SAP.

É unha sesión fundamental para garantir a homoxeneidade na recollida e avaliación de datos. A seguir, tivo lugar a Asemblea Xeral da APPB e a cea de benvida, onde os profesionais puideron intercambiar experiencias.

VENRES 27: SESIÓN TEÓRICA SOBRE MONITORIZACIÓN E LESIÓN

A mañá do venres 27 centrouse na parte teórica do programa do curso, cuxa presentación oficial estivo a cargo de **Sofía Alday** (xerente de Conafe) e **José María García** (presidente da APPB). Ambos destacaron o cambio desta edición, que se centrou

na dixitalización de datos, as lesións e a súa severidade, e prevención de patoloxías.

O primeiro relatorio da mañá, titulado “A importancia da recollida de datos”, expúxoo **M.ª Ángeles Pérez** (Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid), quen presentou os datos recollidos desde 2012 ata 2025, cun total de 2.440.197 rexistros. A investigadora lembrou que, despois de moitos anos de recollida, “agora tocará analizar con detenemento para sacar conclusións”.

O segundo en intervir foi **José Antonio Jiménez** (Conafe), quen complementou a conferencia de María Ángeles coa súa charla “Como e para que se usan os datos que recollemos”. Jiménez abordou a importancia dos datos que se recompilan para os seus


estudos co obxectivo de mellorar a saúde podal dos nosos animais e unificar criterios na profesión.

Pola súa banda, **Marc Pineda** (Pico-vets) puxo o foco nos “Informes I-SAP: que utilidade teñen para os podólogos”. Pineda mostrou os informes e explicou como xeralos e analizalos para sacar partido a esa información e animou os asistentes a utilizalos no día a día.

O manual do grupo de traballo GT-FEPYBA, “Manual de lesións e severidade”, foi o tema elixido por **Manuel Vidal** (Seragro). Este especialista ensinou a identificar as lesións e a súa gravidade, apoiándose en imaxes de cada lesión.

Miguel Menjón (GEA) centrou a súa exposición na intelixencia artificial, que titulou “Sistemas de detección de coxeiras e valoración de CC”. En concreto, deu a coñecer Cattle Eye, un sistema desenvolvido por GEA co obxectivo de detectar coxeiras, que xa se implementou nalgúns granxas de España. Así mesmo, ofreceu algúns exemplos reais para ver como funciona e o partido que se lle pode sacar á súa utilización como ferramenta no día a día das nosas granxas.

A quenda de intervencións pechouna **Jorge Gutiérrez** (MSD) coa súa conferencia sobre “Sistemas de monitorización para a recollida de datos”.



M.ª Ángeles Pérez



José Antonio Jiménez

Gutiérrez apuntou que a identificación electrónica xa é unha realidade e, en poucos anos, todos os crotais serán electrónicos. Así mesmo, incidiu en que esta nova ferramenta facilitará moito o traballo, posto que, cos lectores, será moito máis eficaz e exacta a identificación dos animais. Finalmente, realizou probas ante o público para demostrar o funcionamento dos sistemas de identificación e dos lectores.

OBRADOIROS EN ROSADO HONTANILLA Sesión práctica I

A tarde do venres e o sábado 28 celebráronse os obradoiros na granxa Rosado Hontanilla, situada en Talavera, onde o alumnado se dividiu en grupos para ir rotando polos diferentes obradoiros impartidos.

Obradoiro 1. Bioseguridade

Marc Pineda focalizou o seu obradoiro na importancia de cumprir unhas normas básicas de bioseguridade. Para iso, distribuíu unha ficha a todo o grupo co fin de que contestasen a



Marc Pineda



Miguel Menjón



Manuel Vidal



Jorge Gutiérrez



www.revistafriisona.com



www.revistafriisona.com

unha serie de preguntas formuladas, que consistían en varias consultas e regras esenciais de bioseguridade que se deben ter en conta desde o momento de entrar na granxa ata o momento da saída.

Obradoiro 2. Manexo sen estrés

Miguel Vicente (Unipessoal) dirixiu o obradoiro en colaboración con **Miguel Ángel Franco** (Anka).

Vicente impartiu a teoría, explicou cada detalle á hora de mover unha ▶▶

+3.500 ganaderos en Europa ya confían en MS AutoHoofClean



MS AutoHoofClean
Sistema de baño de
pezuñas automatizado

¿Serás tú el siguiente?



MS Schippers

Schippers Agrícola, S.L.
info.es@schippers.eu
+34 935 68 91 28

ou varias vacas, causando o menor estrés posible, tendo en conta as zonas de presión e de fuga, o punto de equilibrio e a realización de movementos suaves.

Pola súa parte, Miguel Ángel demostrou a súa destreza como recente campión do Concurso de Mellor Manexador (manexo sen estrés) que a APPB organiza cada ano, movendo as vacas dentro do curral sen alboroto. Seguindo as súas indicacións, tamén tiveron a oportunidade de intentalo algúns asistentes.

Obradoiro 3. Recorte e lesións en poldros
Miguel Ángel García (Servet Ledesma), **Juan Sánchez** (Seragro), **Ángel Tomás Caravaca** (Megaset) e **Diego Sanmartín** (Seragro) foron os condutores deste obradoiro sobre o recorte e lesións de patas nos poldros. Con dous formadores por poldro, os asistentes foron traballando, ao tempo que se debatían as lesións e se valoraba o recorte Iberian Balanced Method (método APPB), priorizando o debate sobre a lesión, a súa severidade e a localización, para tratar de unificar criterios entre os profesionais.

Sesión práctica II

A xornada do sábado 28 estivo integramente dedicada á impartición de obradoiros na granxa Rosado Hontanilla.

Obradoiro 1. Raiado de patios

O podólogo bovino **Javier Sáez** organizou un obradoiro sobre a complexidade de facer un bo raiado. Expuxo varios tipos de raiado e describiu cada un deles, valorando os seus pros e contras. Así mesmo, aconsellou sobre que debemos recomendar ou facer en cada momento, granxa ou caso concreto.

Obradoiro 2. Afiado de ferramentas de corte

Miguel Ángel Franco, coa axuda de **Jorge Guevara** (Anka), dedicou a práctica á importancia do afiado das nosas ferramentas, algo fundamental para conseguir facer un bo traballo. Miguel Ángel e Jorge realizaron demostracións a través do afiado de legas e tenaces, ao tempo que explicaban polo miúdo como levalo a cabo de forma correcta. Ambos insistiron en que as ferramentas deben ser profesionais e da mellor calidade.



Obradoiro 3. A limpeza e desinfección do material de traballo

Para mellorar nesta materia, o técnico **Santiago Carrera** (MS Schippers) enumerou os pasos que se deben seguir para implementalo de forma adecuada e ensinou os produtos que se poden usar e como deben aplicarse. Finalmente, lembrou que cada día é máis necesario manter un protocolo de limpeza e desinfección, pois “daralles unha certa tranquilidade aos nosos clientes e a nós mesmos”.

Obradoiro 4. O traballo nos poldros

Este obradoiro, que sempre ten unha grande acollida, foi a sesión práctica que despediu esta edición e repetiu o formato do día anterior e cos mesmos formadores.

Campionato de recorte, a antesala do WTC

Neste último obradoiro tivo lugar unha nova convocatoria do campionato de recorte para seleccionar o noso representante no World Trimming Cup 2027. Os xuíces do concurso foron Miguel Ángel García e Juan Sánchez, que elixiron como gañador a Javier Fernández López (Seragro). ■

AGRADECEMENTOS

Agradecemoslle á gandería Rosado Hontanilla a súa marabillosa acollida e a súa gran colaboración en todo momento. Tamén aproveitamos para darlles as grazas a todos os relatores, así como aos patrocinadores: Intracare, GEA, MS Schippers, Hispanohípica (Vettec), MSD, Almarco Spaer, Spaer, ANKA e Insprovet, e aos colaboradores Javier Sáez (podólogo bovino), Seragro e Universidade Complutense de Madrid (UCM). Grazas a todos.

Patrocinadores



Colaboradores



e a granxa ROSADO HONTANILLA

Conoce el adyuvante que marca la diferencia

MONTANIDE ISA 206 VG, PARA EL DESARROLLO DE UNA INMUNIDAD RÁPIDA Y DURADERA



Úsalo las veces que necesites durante los 10 días siguientes a su apertura

CONSULTA AQUÍ LAS CARACTERÍSTICAS Y COMPARATIVA DEL MONTANIDE FRENTE A OTROS ADYUVANTES



VISITA AQUÍ EL VIDEO SOBRE EL MODO DE ACCIÓN DE MONTANIDE



BOVISAN® DIAR - Emulsión para inyección. **Composición:** Una dosis (3 ml) contiene: Rotavirus Bovino, inactivado, cepa TM-91, serotipo G6P1 (inactivado) $\geq 6.0 \log_2$ (VNT)* Coronavirus Bovino, inactivado, cepa C-197 (inactivada) $\geq 5.0 \log_2$ (HIT)** *Escherichia coli*, inactivado, cepa EC/17 (inactivada) expresado como F5 (K99) Adhesina ≥ 44.8 % de inhibición (ELISA)*** VNT - test de neutralización del virus (serología de conejo inducida por 2/3 de la dosis de la vacuna) **HIT - test de inhibición de hemoaglutinación (serología de conejo inducida por 2/3 de la dosis de la vacuna) ***ELISA - Valoración inmunosorbente ligado a enzima (serología de conejo inducida por 2/3 de la dosis de la vacuna) Adyuvante: Montanide ISA 206 VG 1,6 ml. **Especies de destino:** Bovino (vacas y novillas gestantes). **Indicaciones de uso:** inmunización activa, con el fin de conferir protección pasiva a sus terneros vía calostro/leche, para reducir la gravedad de la diarrea causada por rotavirus bovino, coronavirus bovino y el enteropatógeno *E. coli* F5 (K99) y reducir la eliminación del virus por los terneros infectados con rotavirus y coronavirus bovino. La inmunidad pasiva se inicia con el calostro y depende de si recibe suficiente calostro después del nacimiento. Vacunar solo animales sanos. **Precauciones para el usuario:** Este producto contiene aceite mineral. La inyección/autoinyección accidental puede provocar un dolor e hinchazón severo, que en raros casos podría resultar con la pérdida del dedo afectado si no se da atención médica inmediata. Si el dolor persiste más de 12 horas después del examen médico, acudir de nuevo al médico. **Reacciones adversas:** Frecuentemente hinchazón leve de 5-7 cm de diámetro en el sitio de la inyección y a veces acompañado inicialmente por un aumento de la temperatura local que se resuelve en unos 15 días. Puede observarse un ligero y transitorio incremento de la temperatura (hasta 0.8°C) 24 horas después de la vacunación, que se resuelve dentro de los 4 días después de la vacunación. **Posología:** Administración im.. Una dosis en cada gestación, administrada en un periodo de 12 - 3 semanas antes de la fecha esperada del parto. Alimentación de calostro: La protección de los terneros depende de la adecuada ingesta de calostro de las vacas vacunadas. Si los terneros no consiguen suficientes anticuerpos por calostro poco después de que nazcan, tendrán fallos de transferencia pasiva de anticuerpos. Es importante que todos los terneros reciben una cantidad suficiente de calostro del primer ordeño en las primeras seis horas después del parto. Se recomienda que se alimenten de al menos 3 litros de calostro dentro de las primeras 24 horas y esta cantidad equivale aproximadamente al 10% del peso de un becerro. **Tiempo de espera:** Cero días. Conservar en la nevera (2 - 8°C). Proteger de la luz. No congelar. **Formatos:** 15 ml (5 dosis), 90 ml (30 dosis) y 450 ml (150 dosis) - N° reg: 3301 ESP. **Titular:** FORTE Healthcare Ltd -Co Dublin (Irlanda). Medicamento sujeto a prescripción veterinaria. Administración bajo control o supervisión del veterinario.

En caso de duda consulte con su veterinario.

Construyendo el futuro
de la salud animal

